

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN – S.8.2024

Data e hora de celebración

31 de maio de 2024 ás 10:30 h.

Lugar de celebración

Casa do Concello 2º andar

Asistentes

PRESIDENTA

Dona Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta

SECRETARIO

Don Alejandro Fernández Cortés, xefe do Servizo de Contratación

VOGAIS

Dona María del Pilar Canzobre Méndez, Interventora Xeral

Don Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral

Orde do día

- 1.- Aprobación de acta: S.7.2024 - Aprobación acta S.7.2024
- 2.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/5/2024 - Servizo para o desenvolvemento da acción formativa de Operador carretilleiro + Operador de plataformas elevadoras PEMP
- 3.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/5/2024 - Servizo para o desenvolvemento da acción formativa de Operador carretilleiro + Operador de plataformas elevadoras PEMP
- 4.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/11/2024 - Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permisos de condución
- 5.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/11/2024 - Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permisos de condución
- 6.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/13/2024 - Servizo de realización de itinerarios formativos no sector da prevención de riscos laborais
- 7.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/13/2024 - Servizo de realización de itinerarios formativos no sector da prevención de riscos laborais
- 8.- Apertura e cualificación administrativa: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal

de participación cidadá

9.- Apertura criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal de participación cidadá

Exponse

1.- Aprobación de acta: S.7.2024 - Aprobación acta S.7.2024

A Mesa acorda a aprobación da acta correspondente á sesión S.7.2024, celebrada o pasado 24 de maio de 2024.

2.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/5/2024 - Servizo para o desenvolvemento da acción formativa de Operador carretilleiro + Operador de plataformas elevadoras PEMP

Dáse sucinta lectura do informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, de data 29 de maio de 2024, polo cal se valoran as propostas técnicas de acordo co seguinte cadro, ao abeiro da cláusula 12 do PCAP:

EMPRESA	PUNT. XUÍZO VALOR
GAM TRAINING APOYO Y FORMACIÓN S.L.	18,40
GESTION PLUS, S.L.U.	20,05

Por superar o limiar mínimo de 15,00 puntos establecido na cláusula 12 do PCAP, en relación co artigo 146.3 do LCSP, ambas empresas continúan no procedemento licitatorio.

O informe referido no encabezado deberá publicarse para xeral coñecemento.

3.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/5/2024 - Servizo para o desenvolvemento da acción formativa de Operador carretilleiro + Operador de plataformas elevadoras PEMP

Procédese á apertura do “Sobre ou arquivo 2: Documentación referente aos criterios avaliados de forma automática (Oferta económica, perfil do profesorado e melloras)”, das ofertas dos licitadores que superaron a primeira fase de valoración:

NIF: B74426636 GAM TRAINING APOYO Y FORMACIÓN S.L.

NIF: B70162649 GESTION PLUS, S.L.U.

Observándose os seguintes datos:

EMPRESA	OFERTA S/ IVA	OFERTA C/ IVA	OFERTA A EFECTOS BAIXA	PRESUNCIÓN ANORMALIDADE	MÓDULOS TRANSVERSAIS	CHARLAS COMPLEMENT.	VISITAS PROFESION.	PRESENTA PERFIL
GAM TRAINING APOYO Y FORMACIÓN S.L.	96,00 €/h	96,00 €/h	22.916,04 €	NON	15	2	2	SI
GESTION PLUS, S.L.U.	98,50 €/h	98,50 €/h	23.642,78 €	NON	18	1	1	SI

A documentación achegada será trasladada ao Servizo Sociocomunitario, para que formule proposta de valoración dos perfís profesionais e melloras ofertadas.

4.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/11/2024 - Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permisos de condución

Dáse sucinta lectura do informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, de data 27 de maio de 2024, polo cal se valora a proposta técnica de acordo co seguinte cadro, ao abeiro da cláusula 12 do PCAP:

EMPRESA	PUNT. XUÍZO VALOR
ANPIDRIVER S.L.	15,00

Por acadar o limiar mínimo de 15,00 puntos establecido na cláusula 12 do PCAP, en relación co artigo 146.3 do LCSP, a empresa continúa no procedemento licitatorio.

O informe referido no encabezado deberá publicarse para xeral coñecemento.

5.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/11/2024 - Servizo para o desenvolvemento de accións formativas de permisos de condución

Procédese á apertura do “Sobre ou arquivo 2: Documentación referente aos criterios avaliados de forma automática (Oferta económica, perfil do profesorado e melloras)”, da oferta do licitador que superou a primeira fase de valoración:

NIF: B70229794 ANPIDRIVER S.L.

Obsérvase que o licitador non achega o anexo I nin a xustificación dos módulos transversais. No seu lugar achega novamente o proxecto técnico, incluído no sobre 1, e o anexo II por duplicado. A Mesa, en aplicación da cláusula 24 do PCAP, acorda outorgar un prazo de tres días hábiles para que a empresa proceda á presentación de ditos documentos; que deberá estar asinada en data e hora igual ou anterior ao da presentación da oferta na Plataforma, para que sexa admitida.

6.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/13/2024 - Servizo de realización de itinerarios formativos no sector da prevención de riscos laborais

Dáse sucinta lectura do informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, de data 28 de maio de

2024, polo cal se valora a proposta técnica de acordo co seguinte cadro, ao abeiro da cláusula 12 do PCAP:

EMPRESA	PUNT. XUÍZO VALOR
GESTION PLUS, S.L.U.	21,35

Por superar o limiar mínimo de 15,00 puntos establecido na cláusula 12 do PCAP, en relación co artigo 146.3 do LCSP, a empresa continúa no procedemento licitatorio.

O informe referido no encabezado deberá publicarse para xeral coñecemento.

7.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/13/2024 - Servizo de realización de itinerarios formativos no sector da prevención de riscos laborais

Procédese á apertura do “Sobre ou arquivo 2: Documentación referente aos criterios avaliados de forma automática (Oferta económica, perfil do profesorado e melloras)”, da oferta do licitador que superou a primeira fase de valoración:

NIF: B70162649 GESTION PLUS, S.L.U.

Observándose os seguintes datos:

EMPRESA	OFERTA S/ IVA	OFERTA C/ IVA	OFERTA A EFECTOS BAIXA	PRESUNCIÓN ANORMALIDADE	MÓDULOS TRANSVERSAIS	CHARLAS COMPLEMENT.	VISITAS PROFESION.	PRESENTA PERFIL
GESTION PLUS, S.L.U.	38,45 €/h	38,45 €/h	10.370,85 €	NON	15	0	0	SI

A documentación achegada será trasladada ao Servizo Sociocomunitario, para que formule proposta de valoración dos perfís profesionais e melloras ofertadas.

8.- Apertura e cualificación administrativa: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal de participación cidadá

Concorreu a seguinte empresa:

NIF: F70418437 REXENERANDO S. COOP GALEGA

Logo da apertura e lectura do “Sobre ou arquivo da declaración responsable: DEUC e declaracións”, obsérvase que o licitador non achega debidamente cuberto o anexo III (DECLARACIÓN RESPONSABLE DOS LICITADORES EN RELACIÓN Á PROTECCION DE DATOS PERSOAIS). A Mesa, en aplicación da cláusula 24 do PCAP, acorda outorgar un prazo de tres días hábiles para que a empresa proceda á subsanación de dito documento; ficando ata entón admitido provisionalmente.

9.- Apertura criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal de participación cidadá

Este punto non se celebrou, á espera da finalización do trámite sinalado con anterioridade.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 11 horas e 17 minutos, redactándose a presente acta de cuxo contido eu, como Secretario, dou fe co visto e praxe da Presidenta

D. Alejandro Fernández Cortés

Dna. Marián Ferreiro Díaz

Xefe do Servizo de Contratación – Secretario

Alcaldesa-Presidenta – Presidenta da Mesa